
CONCURSO DE DISEÑO DE TARXETAS DE NADAL

O equipo de normalización e dinamización lingüística (**ELDN**) e o Departamento de Plástica convocan un concurso de deseño de **TARXETAS DE NADAL** que se rexerá polas seguintes bases:

- O obxectivo do concurso é fomentar o emprego normalizado da lingua galega en todos os ámbitos de uso. Por iso é obrigatorio no deseño da tarxeta a presenza dun texto en lingua galega.
- Poderá participar todo o alumnado matriculado no curso académico 2007-2008.
- A técnica empregada é libre. O formato de presentación dos traballos axustarase ás medidas dun A4. Cores: mestura das tres primarias.
- Valoraranse tanto os aspectos artísticos (orixinalidade do deseño, composición, realización...) como os de tipo lingüístico (efectividade da mensaxe, orixinalidade, capacidade de comunicación...)
- Outorgarase un premio único. O premio consiste nun vale de compra de material diverso nunha librería por valor de 50 euros.
- Do traballo que resulte seleccionado, editarase unha tiraxe con formato reducido (importante no deseño do texto e imaxe).
- Os deseños deberán levar no reverso o nome do concursante e o curso ao que pertence.
- Os traballos entregaranse a calquera dos profesores do Departamento de Plástica ou do Departamento de Lingua e Literatura Galega.
- Realizarase unha exposición no centro cos deseños presentados ao concurso.
- O traballo premiado pasará a ser propiedade do centro.
- O prazo de presentación dos deseños remata o 23 de Novembro.